

XVI PREMIOS LOIS PEÑA NOVO

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario Xeral de Política Lingüística

Estimadas amigas e amigos:

Un ano máis, e xa van dezaseis, a Fundación Lois Peña Novo fai entrega dos premios que levan o seu nome. Uns galardóns que, como saben, teñen por finalidade contribuír á promoción do idioma galego no ámbito da administración pública a través do recoñecemento do traballo desenvolvido neste campo por persoas, institucións públicas e empresas privadas ou asociacións.

Este ano, os premios lois peña novo recoñecen o traballo desenvolvido polo insigne profesor don RAMÓN LORENZO, polo excmo. Concello de Burela e mais polo Foro Avogados Lugo, que se veñen sumar aos case 50 premiados nos últimos dezaseis anos. É o noso, xa que logo, un acto de recoñecemento e, como non, de agradecemento.

En calquera caso, quixera determe noutro dos significados destes premios e que para min transcende, se me permiten que o diga, calquera outro. Reparen en que o recurso escollido polos ideadores desta felicísima e xa institucionalizada iniciativa para o logro dos seus obxectivos consistiu e consiste en poñerlle facianas e nomes e apelidos a unha aspiración.

Dito doutra maneira: puntualmente cada ano, os membros da Fundación Lois Peña Novo lémbbrannos que a aspiración de outorgarlle unha maior presenza ao galego en todos os ámbitos da actividade humana perde tal condición de aspiración. Porque esta aspiración pasa a converterse en realidade visible e palpable, unicamente co traballo efectivo, voluntarioso e altruísta de persoas, institucións e empresas coma as que hoxe reciben o premio.

Estamos a premiar –non o esquezamos– persoas e grupos humanos excepcionais polas súas virtudes, tan excepcionais coma aquelas que, hai 85 anos, organizaron o Primeiro Congreso de Economía de Galicia, ou hai case 40, levaron adiante o Primeiro Congreso do Dereito Galego, como nos lembraba Xosé

González Martínez nun artigo de opinión publicado en prensa hai escasos días.

Os premiados hoxe pertencen, xa que logo, á excepcional estirpe das persoas que desde hai máis de cen anos soñan e traballan por unha Galicia mellor (no económico, no social) na que a lingua galega debe posuír o status que lle corresponde pola súa condición de lingua propia de Galicia.

Non hai moitos días afirmei no acto de entrega dos Premios da Crítica de Galicia que cría firmemente que de nada valen esperanzas e ilusións sen traballo, que atopan nel a súa razón de ser e de existir.

O admirado profesor Ramón Lorenzo é, neste sentido, un exemplo paradigmático. Os que algún día orientamos a nosa formación cara aos estudos filolóxicos e lingüísticos axiña batemos co seu traballo lúcido, rigoroso e prolífico. Profesor, Galicia dálle hoxe, unha vez máis, as grazas máis sinceras por todo o que lle doou á delimitación da historia da lingua galega.

Grazas tamén ao Concello de Burela, especialmente aos responsables nesta institución pública do Modelo Burela de dinamización lingüística.

Os meus máis sinceros parabéns por esta iniciativa de convivencia lingüística única na comunidade galega. Unha iniciativa que se basea no proxecto de dinamización do galego do IES Perdouro, galardoado nas últimas edicións dos Premios de Innovación en Normalización Lingüística que impulsa a secretaría xeral que dirixo.

Os meus agradecementos e parabéns tamén para o grupo de profesionais que traballan no Foro Avogados Lugo, un bufete de profesionais do Dereito que constitúe todo un exemplo a seguir polo seu uso do idioma galego no exercicio da avogacía.

Galicia necesita empresas coma esta que son exemplo de responsabilidade social e que co seu labor contribúen a que a nosa lingua gañe espazos de uso en sectores prioritarios como é o da xustiza, no que os usos lingüísticos amosan un evidente desequilibrio entre os dous idiomas oficiais e que é de especial importancia na normalización da lingua galega.

Do mesmo xeito, Galicia tamén precisa de persoas como Victorino Gutiérrez Aller, ao que hoxe lle redemos homenaxe pola súa longa carreira profesional como notario en Lalín e como xurista, durante a que fixo súa a causa do galego.

Do fondo compromiso coa nosa lingua deste especialista no Dereito Civil de Galicia xurdiron traballos tan importantes como o *Formulario Notarial*, co que colaborou o Centro Ramón Piñeiro. Esta obra, ademais de ser a primeira desta natureza publicada en galego, constituíu un ferramenta utilísima para favorecer a redacción da actividade notarial na nosa lingua e para incorporala, polo tanto, a novos sectores da vida social.

Xa para rematar, estas palabras de gratitude inclúen, por suposto, os membros do xurado desta edición, así como os membros da Fundación Lois Peña Novo, polo seu incansable labor a prol da lingua galega.

Moitas grazas